



FESTIVALIÑO on the road 2023

Festival Infantil Itinerante de Contidos Audiovisuais

SELECCIÓN DE CONTIDOS PARA O *Festivaliño on the road 2023*

1. O SUBMARINO 2023. CARA A. SALA PRINCIPAL

O Submarino 2023 é unha sala de proxección de contidos audiovisuais infantís dentro dunha caravana itinerante. Comezou a súa viaxe en maio de 2009 e dende entón non deixou de percorrer as vilas e cidades do noroeste da península ibérica. Deste xeito ofrécese un soporte de exhibición para contidos audiovisuais innovador e próximo ao público infantil de ata 12 anos. Por esta sala de exhibición itinerante teñen pasado dende o 2009 máis de 100.000 espectadores.

2. CINE NA RÚA 2023. CARA B. OUTRAS SALAS

Programación regular de cine ao aire libre (cine de verán) que se celebra en diferentes localidades durante o verán de 2023 en Galicia. Antes de cada proxección de cine familiar programárase unha das curtametraxes seleccionadas polo *Festivaliño on the road 2023*.

Estas bases constitúen a convocatoria para a entrada no proceso de selección de contidos para o *Festivaliño on the road 2023*. Entre 20 e 30 traballos formarán parte do festival.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

- A participación está aberta a todos os contidos audiovisuais orientados ao público infantil que non superen os 20 minutos de duración.
- Admitiranse todas as obras de data de produción posterior ao 1 de xaneiro de 2022.
- Os criterios de selección serán os de: calidade, orixinalidade e valor didáctico e lúdico.
- Presentaranse en versión orixinal. As producións de fala non galega ou española deberán incorporar subtítulos en español ou galego, ou introducir a lista de diálogos co código de tempo do guión definitivo en formatos SRT, SSA o STL (en inglés/español).



FESTIVALIÑO on the road 2023

Festival Infantil Itinerante de Contidos Audiovisuais

4. INSCRICIÓN

Para inscribirse cómpre enviar:

INSCRICIÓN TELEMÁTICA (Preferencial)

- Para participar deberá cubrirse unha ficha (registro: ver www.festivalino.com), enviar un **enlace do visionado** da curtametraxe co seu contrasinal (se é necesario) e **achegar unha ficha técnica e artística** onde consten: datos de contacto, nacionalidade, sinopse, así como datos artísticos e técnicos. Ademais de **3 imaxes** en formato PNG ou JPG.

- Ou **Click for Festivals** (<https://www.clickforfestivals.com>):



5. SELECCIÓN

Un comité de selección nomeado pola organización elixirá de entre todas as películas recibidas as que entrarán a formar parte do catálogo para a campaña de 2023. A composición deste comité farase pública a finais do prazo de recepción de obras a través da páxina www.festivalino.com. As decisións deste comité serán inapelables. Rematado o proceso de selección, comunicárase a súa decisión ás persoas participantes seleccionadas.

O calendario de proxeccións poderá seguirse na páxina web www.festivalino.com.

Os traballos seleccionados serán proxectados cada vez que se programe o **Festivaliño on the road 2023**.

6. PREMIOS E CONTRAPRESTACIÓN

As curtametraxes seleccionadas recibirán en concepto de royalties o importe de

(+34) 645 565 230

(+34) 675 896 415

festivalinokids@gmail.com

festivalino@festivalino.com

www.festivalino.com



FESTIVALIÑO on the road 2023

Festival Infantil Itinerante de Contidos Audiovisuais

100,00€ por filme. E optarán aos seguintes premios:

- Premio de público adulto (nais e pais) de **1.000,00€** máis trofeo.
- Premio de público infantil (nenos e nenas) de **1.000,00€** máis trofeo.

Tanto o público adulto como o infantil valorarán cada unha das pezas que vexan, establecendo un ranking entre todas as que conforman o catálogo. Aquelas que acaden unha maior puntuación recibirán ao remate da tempada os premios en cada unha das categorías.

A liquidación farase no último trimestre do ano 2023, previa recepción da factura correspondente, e segundo a normativa tributaria vixente.

7. PRAZO

O prazo de recepción das pezas con toda a información complementaria remata o **30 de abril de 2023**.

8. NORMAS XERAIS

1. A organización desta convocatoria dá por feito que as persoas físicas ou xurídicas que inscriben as obras posúen os dereitos de exhibición destas, así como a autorización de recibir contraprestación en concepto de royalties.
2. Os gastos de envío das copias correrán a cargo do participante.
3. A organización non se fará cargo da devolución das copias enviadas.
4. Os produtores das pezas seleccionadas autorizan a utilización dos materiais achegados (foto, sinopse...) e ata 2 minutos dos seus contidos para fins de promoción e información.
5. A organización daralle publicidade aos contidos que forman parte do catálogo do *Festivaliño on the road 2023*, a través da súa páxina web e redes sociais e cunha carteleira impresa presente no recinto onde se sitúe o *Festivaliño on the road 2023*.
6. O rexistro nesta convocatoria implica a aceptación destas bases polas persoas



FESTIVALIÑO on the road 2023

Festival Infantil Itinerante de Contidos Audiovisuais

participantes, así como a resolución da organización de calquera problema non recollido nestas.

7. Estas bases están redactadas en galego, español e inglés. Se xorde algunha dúbida na súa interpretación, a versión galega será considerada válida.

8. A organización exímese de calquera responsabilidade que poida derivarse das infraccións destas bases.